

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

[www.marinasbetanzos.org](http://www.marinasbetanzos.org); [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog:http://qdr29.blogspot.com/); [info@marinasbetanzos.org](mailto:info@marinasbetanzos.org)

**ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 14 DE MARZO DE 2011.**

En Abegondo, a 14 de marzo de 2011, no Salón de Plenos do Concello de Abegondo sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

**Asistentes:**

- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca)
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- o D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas - Betanzos

-----  
A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta da sesión anterior.

## **2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER**

### **2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

#### **2.1.1 IMPLANTACIÓN PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN EN DISTRIBUIDORA DE ALIMENTACIÓN. EXPTE. L10-41300-29-0048.**

Con data 09 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda presentada por Central Distribuidora Vázquez y Carballosa S.L. O proxecto de carácter produtivo consiste en implantar unha plataforma de comunicacións baseada en software libre, na distribuidora de alimentación localizada na parroquia de Coiro, concello de Sada. Pretende dotar ó departamento comercial de novos canais de venda que xestione máis clientes a modo de Televenda e Comercio Electrónico, ademais de favorecer as relacións cos clientes e provedores por medio da voz, videoconferencia, fax, e-mail e mensaxería instantánea.

Este novo departamento vai completar a actividade comercial, a dinamizar a acción de venda, poñendo ó servizo dos clientes dúas novas fórmulas de compra (Televenda e Comercio electrónico) o que vai permitir un aforro de custos da actividade comercial. Con este proxecto a empresa sería pioneira na instalación do servizo de televenda, no sector da hostalería na provincia da Coruña, creando un novo servizo adicional.

O promotor deste proxecto produtivo é “CENTRAL DISTRIBUIDORA VÁZQUEZ Y CARBALLOSA S.L.”, empresa maiorista ubicada en Coiro-Sada coa actividade de distribución de bebidas e alimentación dentro do sector HORECA.

Os investimentos deste proxecto comprenden a adquisición do software cun módulo aplicativo de xestión e contabilidade, dun hardware (servidores, S.A.I, Switch, armario, consola, teléfono, auricular, conmutador, Rack, Gateway GSM, banco de canais) e outros servizos (instalación, configuración e posta en marcha).

O carácter innovador deste proxecto ven marcado pola posta en marcha dun servizo de televenda, onde a empresa aposta por outro tipo de comercialización dos produtos, necesaria na economía global que se está implantando na actualidade. Por outra banda a mellora tecnolóxica contribuirá a que a empresa sexa máis eficiente na súa distribución de recursos.

Os investimentos aceptados son 37.001 euros que van dirixidos ós seguintes investimentos: plataforma de comunicación e placa do Programa Leader.

Con data 24 de febreiro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 34 puntos, correspondéndolle un 27% de axuda, resultando un importe de 9.990,27.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 37.001.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que ofrece un servizo de televenda, onde a empresa aposta por outro tipo de comercialización dos produtos, contribuíndo a que a empresa sexa máis eficiente na distribución dos seus recursos. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

### **2.1.2.AMPLIACIÓN EMPRESA DEDICADA AO COMERCIO AO POR MAIOR. EXPTE.L10-41300-29-0054.**

Con data 30 de xuño de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda presentada por “Yañez Ferretería e material de construción S.L.”

O proxecto consiste na ampliación dunha empresa adicada ao comercio ao por maior, de material agrícola e de suministros para o medio rural, situada na Castellana (Concello de Aranga)

O promotor deste proxecto produtivo é a sociedade limitada, Yañez Ferretería e Material de Construción S.L. Na actualidade o negocio o están a xestionar 2 persoas xóvenes, a filla dos donos do local e anteriores xestores do negocio, e o seu marido; ámbolos dous levarán a cabo unha profunda remodelación do negocio anterior.

Os investimentos deste proxecto comprenden a obra civil da ampliación do almacén, mobiliario, equipo informático, TPV, vídeo vixilancia e instalación calefacción por bomba de calor. O proxecto suporá unha transformación radical no modelo de negocio que leva desenvolvéndose nos últimos 30 anos, mellorando a loxística da nave así como a eficiencia e a atención ao cliente. O uso das novas tecnoloxías permitirá modernizar o sistema de inventario así como de pedidos, co conseguinte aforro en tempo de resposta aos compradores. A renovación da nave proposta permitirá un importante aforro enerxético, pois usarán luminarias de baixo consumo, así como implantarán un sistema de bomba de calor tanto para o inverno como para o verán.

O carácter innovador deste proxecto ven marcado pola mellora tecnolóxica que se incorpora e pola mellora do aparato loxístico da empresa.

Con data 24 de febreiro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos aceptados son 114.254,19 euros.

Este proxecto acadou un total de 56 puntos, correspondéndolle un 38% de axuda, resultando un importe de 43.416,59.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 114.254,19.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que apoiase unha iniciativa de dous mozos, marcado pola mellora tecnolóxica e do aparato loxístico da empresa, contribuíndo a fixar poboación nun entorno rural como é A Castellana (Concello de Aranga). Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

### **2.1.3. AMPLIACIÓN CENTRO DE DÍA CON ZONA DE INTERVENCIÓN MULTISECTORIAL E ZONA INTERACTIVA EN CULLEREDO. EXPTE. L10-41300-29-0039**

Con data 27 de abril del 2010 ten entrada no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a ampliación do centro de día con zona de intervención multisensorial e zona interactiva en Castelo (Culleredo).

O promotor do proxecto é ASPANAES (Asociación de pais de persoas con trastorno do espectro autista da provincia da Coruña). Esta asociación presta servizos ás persoas con parálise cerebral.

Este proxecto consiste en ampliar os servizos do actual centro de alumnos con parálise cerebral nun pavillón da asociación ASPANAES, ubicado no lugar de Folgueira –Castelo coa implantación de novos servizos que o centro non dispón na actualidade.

O proxecto comprende a creación dunha zona de intervención multisensorial (sala Snoezelen, xardín sensorial, parque con elementos biosaudables) para completar os tratamentos cos usuarios reciben na actualidade e poder adquirir destrezas en tarefas de limpeza e xardinería principalmente.

Se vai crear un taller agrícola con invernadoiro para ensino ós alumnos das tarefas de xardinería.

Estes novos servizos de estimulación motora, sensitiva e sensorial dos usuarios espectro autista, van encamiñados a obtención de habilidades e coñecementos necesarios para a inserción socio laboral dos alumnos.

Esta iniciativa ascende a 228.747,19.- € con IVE e comprende a obra civil necesaria para a creación das infraestruturas do proxecto.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na medida 1.5. (Investimentos para a inserción laboral de discapacitados).

Coa puntuación acadada de 49 puntos, este proxecto acadaría unha axuda do 52,15%, que resultarían 119.291,66.-€ euros de axuda.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que a prestación destes novos servizos van encamiñados á obtención de habilidades e coñecementos necesarios para a inserción socio laboral dos alumnos. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

Acórdase incluír neste punto, dous expedientes favorables que teñen chegado de AGADER con posterioridade á Convocatoria:

#### **2.1.4. ACCIÓNS FORMATIVAS SOBRE AS RESERVAS DA BIOSFERA E ADQUISICIÓN DE CAPACIDADES DOS AXENTES LOCAIS. EXPTE.L11-41300-29-B003.**

Con data 24 de xaneiro de 2011 a Asociación Mariñas – Betanzos” solicita axuda para o financiamento do expediente “L11-43100-29-B003 Accións formativas sobre as Reservas da Biosfera”

Este proxecto non produtivo consiste na organización e realización de visitas, dos membros da Xunta Directiva e do equipo técnico da Asociación Mariñas-Betanzos, ás Reservas da Biosfera existentes na actualidade e con semellanzas co noso territorio, coa finalidade que sexa un referente na elaboración da candidatura da Reserva da Biosfera.

Prevese a realización de tres propostas en función da dispoñibilidade económica: Reserva da Biosfera da Palma, Reserva da Biosfera de Menorca e Reserva da Biosfera da Serra das Neves en Granada. As dúas primeiras Reservas contan con características urbano-rurais e densidade de poboación semellantes ó noso territorio. A Reserva da Serra das Neves conta cun modelo organizativo, un consorcio e unha oficina técnica urbanística semellante ó existente no noso territorio.

Así mesmo contempla a organización de xornadas temáticas (xestión Auga, posta en valor recursos, marcas de calidade, etc.).

Este proxecto complementa as actuacións formativas realizadas no expediente L09-41300-29-B002 Accións formativas vinculadas á aplicación da estratexia e que contemplaba a realización de Xornadas sobre as Reservas da Biosfera.

Este proxecto comprende os gastos das viaxes: desprazamento, aloxamento e manutención dos membros da Xunta Directiva e do equipo xestor ás Reservas da Biosfera, así como os gastos dos poñentes que participen nas xornadas e gastos de difusión.

O carácter innovador deste expediente radica na temática formativa a desenvolver, capacitando aos axentes locais, en particular aos membros da Xunta Directiva e o equipo técnico da Asociación Mariñas-Betanzos, na aplicación da estratexia de desenvolvemento Leader a través do fomento das Reservas da Biosfera no territorio.

Con data 09 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos aceptados son 15.000 euros.

Este proxecto acadou un total de 100 puntos, correspondéndolle un 100% de axuda, resultando un importe de 15.000.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 15.000.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que a temática formativa a desenvolver, capacitando ós axentes locais, en particular ós membros da Xunta Directiva e o Equipo Técnico na aplicación da estratexia de desenvolvemento LEADER a través do fomento das Reservas da Biosfera no territorio. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

#### **2.1.5. POSTA EN MARCHA DUN LABORATORIO DE INVESTIGACIÓN PARA A CONSERVACIÓN E CERTIFICACIÓN DA RAZA GALIÑA PIÑEIRA. EXPTE.L10-41300-29-0057.**

Con data 16 de xullo de 2010 a Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia solicita axuda para o financiamento do expediente “L10-41300-29-0057 Posta en marcha dun laboratorio de investigación para a conservación e certificación da raza galiña piñeira”

Este proxecto produtivo consiste na construción e posta en marcha dun Laboratorio de Investigación para a conservación e certificación da raza Galiña Piñeira.

O obxectivo principal do laboratorio é realizar o control de calidade para a produción de pitos de Galiña Piñeira. No laboratorio se realizarán os análises que permiten a certificación da raza.

O laboratorio ten ademais entre os seus obxectivos a mellora xenética da raza Galiña Piñeira seleccionada para a produción de carne.

Con este proxecto se crearía o primeiro laboratorio de investigación para a conservación e certificación da raza Galiña Piñeira.

Con data 11 de marzo de 2011, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos aceptados son 143.750,17 euros.

Este proxecto acadou un total de 69 puntos, correspondéndolle un 44,5% de axuda, resultando un importe de 63.968,83.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 143.750,17.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en ser innovadores contribuindo a construír o primeiro laboratorio de investigación para a conservación e certificación da raza Galiña Piñeira en Galicia, no Concello de Abegondo. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

#### **2.1.6. MODERNIZACIÓN CÁMPING AGUIAR (BERGONDO) EXPTE. L10-41300-29-0033.**

Con data 16 de marzo de 2010, ten entrada no rexistro do GDR unha solicitude de axuda para a modernización do cámping Aguiar en Bergondo. (Nº expediente: L10-41300-29-0033)

O proxecto consiste na modernización do cámping, sito na parroquia de Moruxo (Bergondo), con desenvolvemento de novos servizos relacionados co turismo rural (aluguer de bicicletas, visitas guiadas, etc.). Ademais modernizaríanse os servizos comúns do cámping.

Con esta iniciativa de carácter produtivo se crearía o emprego da propia promotora (muller). Ademais poñerían en marcha un punto de venda de produtos artesanais do territorio.

Con data 03 de xaneiro de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos ascenden a 210.620,94.-€ (186.586,50.-€ sen IVE) e consisten:

-Obra civil: 137.007,03.-€

-Acondicionamento exterior: 29.316,18.-€

-Equipamento: 3.448,28.-€

-Licencias e permisos: 5.330,01.-€

-Elaboración proxecto: 11.335.-€

-Placa Leader: 150.-€

Este proxecto acadou un total de 58 puntos, correspondéndolle un 39% de axuda, resultando un importe de 72.768,74.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 186.586,50.-€ elixible.

A xerencia do Programa LEADER informa a Xunta Directiva que este proxecto xa foi na Xunta Directiva do día 10 de xaneiro de 2011, pero que por aclaracións de última hora referentes ó proxecto, AGADER envía nova verificación favorable do ICE con data 10 de marzo de 2011.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

## **2.2. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDO PROGRAMA LEADER 2007-2013:**

### **2.2.1. MEDIDA 412**

#### **2.2.2.1. Rexeneración e protección da Fraga do Vinte. Expte. L11-41200-29-0086.**

Con data 01 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda do Concello de Oza dos Ríos para o proxecto “Rexeneración e protección da Fraga do Vinte L11-41200-29-0086”.

Dende fai tempo os carballos senlleiros, que son o núcleo desta área, presentan un grande deterioro con ramas secas e síntomas e podredume a nivel de tronco. É natural que en determinadas épocas do ano os carballos, de folla caduca, realicen unha autopoda de pequenas ramas aproveitando os ventos. Sen embargo as ramas caídas e as que están a secar nestas árbores son, nalgúns casos, partes enteiras das copas.

Incluso algunha árbore secou por completo e algunha outra chegou a partir pola metade. A caída de ramas secas constitúe, ademais dun síntoma de enfermidade das árbores, un perigo para os veciños e visitantes que utilizan a Fraga como zona de lecer.

A importancia desta área non radica soamente no valor natural dos carballos centenarios, senón tamén no valor etnográfico, social e paisaxístico do conxunto. Ademais de recoñecerse como solo de Protección do Patrimonio no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oza, por estar no entorno dun cruceiro recoñecido dentro do Catálogo de Patrimonio, este lugar toma actualmente o nome do día no que se celebraba a feira de gando máis importante da comarca: O día vinte de cada mes.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 28.500.-€ (24.152,55.-€ sen IVE) e consisten na elaboración do diagnóstico, probas e estudo para o tratamento da Fraga, estudo e memoria técnica para candidatura da Fraga do Vinte como ENIL, actuacións de recuperación sobre a Fraga, rótulo de madeira pirografiada en soporte de madeira, panel interpretativo sobre soporte de madeira, posters, trípticos, anuncios en prensa e guías didácticas.

A innovación deste proxecto está na conservación e posta en valor do noso patrimonio natural, as Fragas, susceptibles de encaixar como “zona núcleo” nunha posible Candidatura a Reserva da Biosfera.

Este proxecto non produtivo ten cabida na medida 412 do Réxime de Axudas e tamén encaixa na estratexia elaborada polo grupo concretamente na liña 1.1 Recuperación de elementos naturais representativos da paisaxe do territorio e 1.3 Rexeneración de bosques de interese ambiental.

O proxecto acadaría unha puntuación de 79 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 70% (16.906,78.-€).

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

#### **2.2.2.2 Restauración ecosistemas fluviais da bacía hidrográfica do Encoro de Abegondo. Expte. L11-41200- 29-0088.**

Con data 03 de marzo de 2011, ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda do Concello de Abegondo para a realización do proxecto “Restauración ecosistemas fluviais da bacía hidrográfica do Encoro de Abegondo L11-41200-29-88”.

Este proxecto non produtivo consiste na restauración da vexetación de ribeira dos cursos fluviais en mal estado da bacía hidrográfica que verte ao LIC do Encoro de Abegondo-Cecebre. Con este proxecto vaise axudar á obtención do bo estado de catro masas de auga que abastecen aos habitantes da área metropolitana de A Coruña e que na actualidade carecen da calidade necesaria.

Ó mesmo tempo este proxecto permitirá avanzar no camiño na loita contra as especies invasoras, ao favorecer o crecemento das especies autóctonas.

Tamén estas actuacións, contribuirán a que a zona se adapte aos efectos do cambio climático previstos no Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático.

Os investimentos desta iniciativa ascenden a 243.158,74.-€ sen IVE e consisten nas seguintes actuacións:

1.-Fase 1 “Labores previas de elaboración do Plan de Restauración”: traballos de cartografía e SIX, e identificación dos hábitats fluviais no ámbito de actuación.

2.-Fase 2 “Mobilización e sensibilización social: creación da Xunta Xestora de Restauración; identificación dos propietarios afectados; reunión cos propietarios para informar e solicitar autorización para a realización das labores de restauración.

3.-Fase 3 “Execución do Plan de Restauración: subministro de árbores e arbustos; limpeza e roza da área de ribeira; plantación de árbores e arbustos e desbroce e mulching.

Este proxecto ten cabida na medida 412 do réxime de axudas e tamén encaixa na estratexia elaborada polo grupo concretamente na liña 1.4 Inversións para mellora de xestión ambiental dos espazos de interese ambiental; na liña 2.3 Limpeza e adecuación dos cauces fluviais e na liña 2.2 Actuacións de cara a identificar e controlar aos emisarios contaminantes nos cauces fluviais.

O proxecto acadaría unha puntuación de 85 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 96,46% (234.550,92.-€).

A Xunta Directiva acorda trasladarlle primeiramente este proxecto a Mesa de asociacións e colectivos medioambientais do GDR e posteriormente revisalo nunha próxima Xunta Directiva.

### **2.3. EVOLUCIÓN DO GASTO PÚBLICO COMPROMETIDO DO PROGRAMA LEADER.**

Xúntase cadro como anexo a esta acta.

### **3. XUSTIFICACIÓN AXUDA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

3.1. “Estudio para a posta en valor da vía XX – A Per Loca Marítima”.

*Convocatoria de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos de promoción económica durante o ano 2010. Deputación Provincial da Coruña: Xustificación proxecto “Estudio para a posta en valor da vía XX – A Per Loca Marítima”.*

No mes de setembro de 2010 a Deputación Provincial da Coruña ten concedido ó GDR Mariñas – Betanzos unha subvención para o proxecto arriba sinalado por importe de 3.998,32.-€.

Para a elaboración deste estudio tense contratado por parte do GDR Mariñas - Betanzos ós servizos de Antón Malde que ten presentado unha factura por importe de 4.997,90.- euros (orçamento a xustificar na Deputación), xunto co Estudio elaborado. Esta documentación será a que se presentará na Deputación da Coruña para que abonen a subvención.

Os 1.000 euros de aportación propia, aportaríanse mediante o Programa LEADER, coa publicación do estudio.

Preséntase o estudo aportado pola empresa contratada, e dándolle o visto bo a Xunta Directiva, tras ser comentado polo miúdo, a Xunta Directiva autoriza ó Equipo Técnico a que faga os trámites oportunos ante a Deputación Provincial da Coruña, a efectos de xustificar a subvención.

Xúntase o estudo como anexo a esta acta.

#### **4. PROXECTOS DE COOPERACIÓN ENTRE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

##### **4.1. Presentación propostas Proxectos de Cooperación para a Convocatoria do 2011.**

Infórmase ós asistentes que o día 08 de marzo remataba o prazo de presentación de propostas para participar como socios nos proxectos da bolsa de cooperación REDER 2011, presentándose a documentación dos seguintes proxectos, que máis se axustaban á estratexia do Grupo, pois existía o tope máximo de presentarse a oito proxectos como máximo:

Título	Grupo Coordinador
1. Los agentes locales como motores en los procesos de desarrollo sostenible de los territorios.	GAL Promancha (Ciudad Real)
2. Agro-Res. Agrorestauración en Red.	GAL Zona Centro (Valladolid)
3. Calidad agroalimentaria. Señas de identidade de los territorios rurales	GAL Aidescom (Segovia)
4. Bioenergía una oportunidade sostenible para el medio rural.	GAL Adrimo (Avila)
5. Por Rutas Turísticas.	GDR Terras de Compostela (A Coruña)
6. El papel de la mujer rural en procesos de desarrollo territorial.	GAL Aidescom (Segovia)
7. Arqueoturismo Rural	GDR Terras do Deza (Pontevedra)
8. Selvicultura como generadora de emprego en el medio rural.	Ruralter zona 6 (Valencia)

Así mesmo, tense solicitado o ingreso no proxecto HISPANIA PROJECT, a proposta da Asociación Roxin Roxal. Este proxecto está impulsado polo grupo navarro Consorcio EDER, para presentar na Convocatoria do MARM 2011

O proxecto pretende recrear o mundo romano polo que transcorría a antiga calzada romana que unía o eixe Mediterráneo co Cantábrico na rede de internet móbil (Smartphone) á vez que se poden visitar os territorios polos que ésta transcorría. O seu carácter innovador radica en que incorpora a última tecnoloxía ás áreas rurais, á cultura, ás tradicións e as orixes das rexións así como ó patrimonio. Fará especialmente incidencia entre a poboación máis nova e contribuirá ó desenvolvemento do sector así como a promocionar o territorio, dunha forma dinámica, rápida e eficaz.

O seu obxectivo é recrear a través da elaboración dun Sistema de Información Xeográfica (SIX), así como o sistema de Posicionamento Global (GPS) o mundo romano. Os datos incorporaranse ós sistemas de internet móbil (Smartphone), coas últimas novidades como son as imaxes coa Realidade Aumentada.

Máis información: <http://www.redr.es/es/cargarAplicacionNoticia.do;jsessionid=E5ECF0A238CF3A2FE>

Dende Mariñas – Betanzos podería interesar para dar continuidade ó proxecto Per Loca Marítima.

O Xerente do Programa informa ós asistentes que despois de varias conversas mantidas co Grupo Navarro, finalmente non aceptaron a proposta de Mariñas – Betanzos de participar como socio no proxecto.

Por outra banda, informase ós asistentes das propostas descritivas das candidaturas de proxectos que se poderían presentar á Convocatoria do MARM 2011, por parte do GDR Mariñas – Betanzos en calidade de coordinadores: 1) RESERVAS DA BIOSFERA e 2) FOMENTO DA INNOVACIÓN NO MEDIO RURAL

Tamén dos proxectos que poderían ter mellor encaixe na convocatoria futura de AGADER: 1. CUSTODIA DO TERRITORIO (GALICIA); 2. POLÍGONOS HORTÍCOLAS; 3. PLANTA ORNAMENTAL (GALICIA)

#### **4.2. AVANCES PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL “NUEVOS HORIZONTES”**

Infórmase ós asistentes que o pasado 16 de febreiro de 2011 tivo lugar no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo a presentación do **PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL "NUEVOS HORIZONTES"**, no ámbito territorial de Mariñas-Betanzos.

Este evento contou coa participación de produtores/as agrícolas da comarca, propietarios de terras agrarias, organizacións agrarias, técnicos/as das oficinas agrarias comarcais, técnicos/as dos concellos, socios do proxecto de cooperación e socios/as do GDR Mariñas – Betanzos, entre outros.

Explicáronse as liñas de traballo postas en marcha e as accións máis inmediatas, como é a posta en marcha de parcelas piloto. Para a posta en marcha destas parcelas, contarase coa participación dos produtores agrícolas que serán os responsables de probar os cultivos identificados coma de interese. Fíxose un repaso sobre os rasgos agronómicos e morfolóxicos dos cultivos identificados, así coma dos criterios utilizados para elixir a éstos fronte a outros. Neste sentido e ata o momento, para o territorio de Mariñas – Betanzos téñense identificado as seguintes variedades ou ecotipos autóctonos:

Cebola: Cebola de Betanzos. / Tomate: Abuela de Osedo e Negro de Santiago. / Repolo: Repolo de Betanzos.

**DISTRIBUCIÓN DE SEMILLAS ENTRE PRODUTORES DE MARIÑAS – BETANZOS (cantidade de sementes)**

Nº	PRODUCTOR	LOCALIZACIÓN	INTERÉS	P. PUNXÍN	P.OIMBRA	T. NEGRO	T. ABUELA	REP. BET
1	Peio, Beatriz, Fernando	Sta Marta Babío, 7 - Bergondo	huerta	35	18	20	18	56
2	Daniel Sanmartín	Torrente - Cabanas (Abegondo)	huerta	35	18	20	18	56
3	Antón Sánchez	Bergondo	huerta	35	18	20	18	56
4	Luis Amboage	Sta Mª Vigo (Cambre)		35	18	20	18	56
5	Victor Sánchez	Regueira, 24 (Oza dos Ríos)	huerta	35	18	20	18	56
6	Pablo López (Vivero)	Angustias, 9 (Betanzos)	huerta	35	18	20	18	56
7	Mª José López	Lubre (Bergondo)	huerta	35	18	20	18	56
8	Julio Rios	Brives (Cambre)	tomate/pimientos	35	18	20	18	56
9	Antonio Fafián	Lubre (Bergondo)	tomate/cebola	35	18	20	18	56
10	Miguel Franco	Paderne	huerta	35	18	20	18	56
11	Xoán Antón Vázquez	Miño	abuela osedo				18	
12	Antonio Buyo	Betanzos	huerta	5	4	7	2	8
13	Ricardo Rilo	Bergondo	huerta	5	4	7	2	8
14	Roque Ariel	Abegondo	huerta	5	4	7	2	8
15	Antonio V. Ponte (2)	Meangos	huerta	5	4	7	2	8
16	Andrés Taboada	Cesuras (Concejal)	huerta	5	4	7	2	8
17	José Fco. Castro	Paderne (Roxín)	huerta	5	4	7	2	8
18	<b>HUERTOS CULLEREDO</b>	Culleredo	huerta	10	10	12	10	10
19	<b>Victor Manuel Boga</b>	<b>Millo e Landras</b>	<b>menos tomate</b>	<b>20</b>	<b>18</b>			<b>56</b>
	<b>410</b>	<b>232</b>	<b>254</b>	<b>220</b>	<b>674</b>			

Profesionales y AE  
 Profesionales y no AE  
 No profesionales  
 Fuera territorio

Para o ano 2011, dende este proxecto de cooperación estanse identificando novos cultivos como quinoa, trigo-sarraceno, liño, millo corvo e millo-país co obxectivo de diversificar producións e evitar a dependencia de mercados exteriores e conseguir sementes para poñer en marcha as parcelas piloto.

Por outra banda, o Grupo coordinador do proxecto ASDECOMOR ten remitido un borrador de convenio que terá por obxecto establecer un marco de cooperación segundo establece a Orde ARM 1287/2009, de 8 de maio, no seu artigo 19, entre os 12 grupos participantes no proxecto que favoreza a posta en marcha de accións que, no amplo marco do desenvolvemento rural e local, contribúan a impulsar, a través deste proxecto de cooperación interterritorial, un proceso de mellora económica, social e medioambiental dos territorios mediante a identificación, ensaio e difusión de cultivos tradicionais e novas producións.

Unha vez asinado o convenio, quedarían 107.038 euros de fondos para actuacións conxuntas entre todos os Grupos, e 11.527 euros para cada Grupo coa finalidade de adaptar as accións individuais do proxecto ás necesidades de cada territorio.

A Xunta Directiva autoriza á Presidencia do Grupo, a facer os trámites oportunos para a sinatura deste convenio.

## 5. SEGUIMIENTO DEL PLAN DE DESARROLLO SOSTENIBLE DEL MEDIO RURAL

A Lei de “Desarrollo Rural Sostenible” elaborada polo goberno central, concrétese no Programa de Desenvolvemento Rural Sostenible 2010-2014.

Neste programa, establécese que cada Zona Territorial debe facer un Plan de Zona, que vén sendo máis ou menos un plan no que se coordinen as actuacións das diferentes administracións. É dicir, é un Plan para unha zona determinada, coordinado entre diferentes consellerías, ministerios e administracións locais.

En Galicia, están definidas 12 zonas. Unha delas é a denominada RÍAS ALTAS E ARCO ÁRTABRO, sendo os concellos integrados nela, os de Abegondo, Aranga, Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabanas, Cambre, A Capela, Cariño, Carral, Cedeira, Cerdido, Cesuras, Coirós, Culleredo, Curtis, Fene, Irixoa, A Laracha, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Neda, Ortigueira, Oza dos Ríos, Paderne, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, Sada, San Sadurniño, As Somozas, Valdomiño, Vilarmador e Vilasantar. É dicir todo o ámbito territorial do GDR Mariñas – Betanzos está incluído nesta zona para o PDRS 2010-2014.

Segundo publicacións do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño en Galicia xa está feito o análise e diagnóstico para cada Plan de Zona, e que dende decembro de 2010 a febreiro de 2011 se realizará a fase participativa do proceso.

Por outra banda, recentemente, veñen de ser aprobadas as Directrices de Ordenación do Territorio, que se poden descargar no seguinte enlace: <http://www.cmati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2467>

Estas directrices servirán tamén de marco de referencia para os Plans de Zona.

Recentemente, AGADER, que será a entidade que coordine a elaboración dos Plans de Zona, ten convocado ós GDR's para designar un representante dos cinco GDRs que abarcan a zona de Rías Altas e Arco Ártabro (inclúense parte dos territorios do GDR 23 Ulla–Tambre–Mandeo e do GDR 27 Bergantiños; e a totalidade do GDR 29 Mariñas – Betanzos; do GDR 30 Asociación Euroeume e do GDR 31 Costa Noroeste). O Grupo representante dos GDRs é o GDR 30 Asociación Euroeume.

Dispónse para toda Galicia e os 5 anos do “Programa de Desarrollo Rural Sostenible” dun total de 170 millóns de euros, dos que a metade provén da Administración Xeral do Estado e a outra metade, da Xunta de Galicia. Isto fai unha media de 2,83 millóns de euros por zona e ano. Esta cifra é unha media.

O pasado 02 de marzo celebrouse a primeira reunión en Betanzos, consistente no acto de Constitución do Consello de ZONA DE RÍAS ALTAS E ARCO ÁRTABRO.

Á constitución deste Consello de Zona acudiron o Director Xeral de AGADER, a Subdirectora de Relacións cos GAL, o Secretario do Consello de Zona, a Secretaria de Delegación Territorial da Xunta de Galicia na Coruña, o Xefe Territorial de Medio Rural, o Xefe Territorial da Consellería de MATI, a Xefa Territorial da Consellería de Economía e Industria, o Xefe Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, o Funcionario da Área de Agricultura e Pesca da Delegación do Goberno, o Presidente do GDR 30 Euroeume, o alcalde do Concello de Curtis, o Alcalde do Concello de Paderne e a Alcaldesa de Vilasantar.

Calquera persoa ou entidade poderá realizar suxestións sobre actuacións a incluír nos Plans de Zona cubrindo unha ficha que haberá que remitir a [infoagader@xunta.es](mailto:infoagader@xunta.es)

Xúntase formulario de proposta de actuacións a incluír nos Plans de Zona ((**VER ANEXO V**))

**Máis información:** <http://agader.xunta.es/Actividades.do>

**Outros enlaces de interese:**

**LEI PARA O “DESARROLLO SOSTENIBLE MEDIO RURAL”:**

<http://www.mapa.es/es/desarrollo/pags/Ley/lev.htm#art4>

**PROGRAMA DE DESARROLLO RURAL SOSTENIBLE 2010-2014:**

<http://www.mapa.es/desarrollo/pags/lev/2010/AplicacionPDRSCCAA2septiembre2010.pdf>

**ELABORACIÓN DOS PLANS DE ZONA EN GALICIA (REDER):**

<http://www.redestatal.com/elaboracion-de-los-planes-de-zona-en-galicia>

A Xunta Directiva acorda que os seus membros remitan propostas ó Equipo Técnico, co obxecto de ser enviadas a AGADER e poidan ser incluídas nos Plans de Zona.

O representante da Mesa de Asociacións Culturais, de veciños, deportivas...., Lois A. Ferreiro (Asociación Cultura Aberta de Carral), quere que quede reflectido na acta “que se traslade o proxecto de reforzar as Baiucas das Mariñas” (proxecto promovido polo GAL Terra das Mariñas ó abeiro do Programa PRODER II).

## **6. REUNIÓN MESAS SECTORIAIS GDR “MARIÑAS – BETANZOS”**

### **6.1. MESA DO SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO**

O pasado 09 de febreiro tivo lugar á reunión da Mesa do Sector Agrario, Gandeiro e Cooperativo que tivo a seguinte orde do día:

1. Presentación do proxecto de cooperación interterritorial “Nuevos Horizontes”
2. Propostas para desenvolver proxectos en común dende a mesa sectorial:
  - Novos Horizontes
  - Fomento da innovación no medio rural
3. Renovación Xunta directiva G.D.R. “Mariñas – Betanzos”
4. Rogos e preguntas.

En canto á renovación da Xunta Directiva, os asistentes acordaron que os representantes da Mesa do Sector Agrario, Gandeiro e Cooperativo na Xunta Directiva de Mariñas – Betanzos se manteñan como ata agora:

- Sindicato Labrego Galego, sendo o representante Antón Sánchez García.
- Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e comarca, sendo o novo representante Antonio Buyo Mosquera.
- Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña, sendo o representante José Calo Faraldo.

## **6.2. MESAS DO SECTOR DE “ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS DE MULLERES” E “ARTESANÍA”**

O pasado 09 de marzo tivo lugar á reunión das Mesas do Sector de “Asociacións e colectivos de mulleres” e “artesanía” coa seguinte orde do día:

1. Invitación a participar no proxecto “El papel de la mujer rural en procesos de desarrollo territorial” (convocatoria proxectos de cooperación do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino 2011).
2. Debate sobre outras propostas por parte das entidades asociadas para desenvolver proxectos en común dende a mesa sectorial.
3. Renovación Xunta Directiva G.D.R. Mariñas – Betanzos
4. Rogos e preguntas

Infórmase ós asistentes que teñen pendente unha próxima reunión o vindeiro mércores 16 de marzo de 2011, onde acordarán a representante de Xunta Directiva da súa mesa.

## **7. PROPOSTA UTILIDADE PÚBLICA**

O artigo nº 32 da Lei de Asociacións esixe para que as asociacións poidan ser declaradas de Utilidade Pública o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Os fins estatutarios teñen que promover o interese xeral.
- b) Que a actividade non estea restrinxida exclusivamente a beneficiar ós asociados, senón aberta a calquera outro posible beneficiario que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.
- c) Que os membros dos órganos de representación que perciban retribucións non o fagan con cargo a fondos e subvencións públicas.
- d) Que contén cos fondos persoais e materiais adecuados e coa organización idónea para garantir o cumprimento dos fins estatutarios.
- e) Que se encontren constituídas, inscritas no Rexistro correspondente, en funcionamento e dando cumprimento efectivo aos seus fins estatutarios, ininterrompidamente e concorrendo todos os precedentes requisitos, a lo menos durante os dous anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

Nestes intres a Asociación Mariñas-Betanzos cumpre os anteriores requisitos para poder solicitar a declaración de utilidade pública.

### As obrigacións das Asociacións de Utilidade Pública:

1. Render contas anuais do exercicio anterior no prazo de seis meses seguintes a súa finalización.
2. Deberá presentar unha memoria descritiva das actividades durante o exercicio anterior.
- 3.-Deberá depositar as contas anuais.

4.-Deberá someterse a auditoría nas condicións que regramentariamente se determine (cuando a Asociación de utilidade pública realice actividades mercantís, en conxunción coas propias e teña a obriga de presentar Balance Normal)

#### Beneficios das asociación de Utilidade Pública:

1.-Poderán acollerse ó réxime fiscal especial da Lei 49/2002, de 23 de decembro do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e Incentivos fiscais ó Mecenago máis beneficioso que o establecido para o resto das asociacións:

Algunhas vantaxes da Lei 49/2002.

-Os donantes poderán gozar de deducións: 25% as persoas físicas e 35 % as persoas xurídicas.

-Exención no Imposto sobre sociedades de rendementos xerados a través dunha relación cerrada de explotacións económicas, sempre e cando as entidades sen fins lucrativos as desenvolvan en cumprimento do obxecto ou finalidade específica.

-Tipo impositivo no Imposto sobre sociedades máis reducido (10% fronte ó actual do 25%).

2.-Estas asociación terán preferencia na asignación de axudas e subvencións públicas.

3.-As Administración Públicas poderán establecer con estas asociación convenios de colaboración en programas de interese social.

4.-Desfrutarán de asistencia xurídica gratuíta.

A Xunta Directiva acorda trasladar esta proposta á Asemblea Xeral, co obxecto de que autorice ó Equipo Técnico do Programa LEADER a realizar os trámites oportunos co obxecto de solicitar a declaración de Utilidade Pública para o GDR, autorizando ó mesmo tempo á Presidencia e a Secretaria a sinatura de toda a documentación necesaria.

De todos xeitos, a Xunta Directiva comenta que poderían ir avanzando na solicitude, previo a ser presentada na vindeira Asemblea Xeral, segundo os Estatutos.

### **8. PROPOSTA LOCAL PARA CELEBRACIÓN DAS XUNTAS DIRECTIVAS**

A representante da Mesa sectorial de mulleres (ASOCIACIÓN ELAS), comunica ó equipo técnico do GDR á posibilidade de volver a celebrar as reunións de Xunta Directiva no Local Social de Santa Marta de Babío, unha vez comprobado no Concello de Bergondo a dispoñibilidade do Local Social de Santa Marta de Babío os segundos luns de cada mes ás 19.00 horas.

A Xunta Directiva acorda que se fagan os trámites necesarios no Concello de Bergondo para cambiar o lugar de celebración das reunións, quedando no Centro Social de Santa Marta de Babío, os segundos luns de cada mes ás 19.00 horas.

## 9. REFORMA DA P.A.C. 2014 – 2020

O representante da Mesa sectorial do Medio Ambiente, Roxin Roxal ten presentado na sede do GDR Mariñas – Betanzos, alegacións ó respecto do documento:

### **El Grupo Europeo de Desarrollo Territorial (G.E.D.T.) como un nuevo instrumento de cohesión territorial.**

*No queda nada claro que clase de organismo será este G.E.D.T.*

*Debería organizarse de abajo arriba. Con presencia de las organizaciones de base (GDR`s + Federaciones de estos) implicadas en el territorio comunitario, sin que esto impida la presencia institucional de la UE. Mas funcional y menos representativa.*

### **Pag. 3) Los Polos de Desarrollo, una aportación inestimable al conjunto de la sociedad**

*Tampoco me queda claro que son o deben ser estos Polos de Desarrollo. El texto es difuso y bastante indeterminado.*

### **Pag. 4) El medio rural dispone de recursos y tecnologías para .....**

*Pues creo que no, que no tenemos tecnologías en el rural para luchar contra el cambio climático.*

En resumen:

(2º punto) *Que bonita frase, sive para todo y no dice nada. ¿ Quien la inventaría?*

(4º punto) *¿Porqué solo pequeños proyectos y no medianos y grandes también?*

*Lo de la Gobernanza tampoco me queda claro. No se si en la UE lo entenderán.*

### **Pag. 5) La cooperación**

*Propongo fomentar la cooperación y el aprendizaje intereuropeo. Por lo menos a nivel de GDR`s regionales, o agrupaciones con objetivos comunes. E nuestro caso y como ejemplos: floricultura, intercambio con GDR`s holandeses. Lúpulo con los bábaros. Madera con los finlandeses, etc.*

### **Pag. 10) B.2. ....el pleno acceso a las TIC, y el uso de tecnologías verdes,...**

*Añadiría despues de uso, “y creación de”*

## 10. ROGOS E PREGUNTAS.

Dende a Asociación Cultura Aberta de Carral, Lois A. Ferreiro comenta que dende a Mesa de Asociacións culturais, deportivas, de veciños...., están dende fai tempo valorando a posibilidade de constituír unha Federación de Asociacións do territorio, que mancomunase servizos, e que están buscando unha posible ubicación, polo que solicitan a axuda dos Concellos.

A este respecto, o Presidente do GDR informa ós asistentes que no Concello de Abegondo podería estudarse facer isto nas Torres de Peito situadas en Bordel. Esta propiedade é privada, pero os donos están abertos a suxestións que axuden a rehabilitala e mantela.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.00 horas.

En Abegondo, a 14 de marzo de 2011

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes